

ARTE ROMÁNICA

EDIFICIO: CATEDRAL DE SANTIAGO (INTERIOR)

AUTOR: Colaboraron artistas franceses e españois: o Mestre Bernardo o Vello, o Mestre Roberto con 50 canteiros franceses, o Mestre Esteban, Berardo o Mozo, e o Mestre Mateo, todos mestres itinerantes que percorren os diferentes espazos en busca de traballo, polo que toman influencias variadas que se reflicten na súa obra. A pesares de coñecer o nome dos artistas, naquel tempo concedíase máis importancia a quen encargaba a obra que era o que establecía o programa construtivo a seguir (os bispos da cidade).

PROMOTORES: Iníciase a construción en 1075 promovida por Afonso VI e o bispo Diego Peláez, e finaliza en 1150, aínda que xa fora consagrada no 1105 polo bispo Xelmírez, un dos grandes promotores da obra.

CRONOLOXÍA: Reinado de Afonso VI O bravo. Inicio en 1075-1188. Consagración en 1211.

TIPOLOXÍA: Catedral

MATERIAL: Granito

ESTILO: Románico

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela



DESCRIPCIÓN FORMAL

PLANTA E INTERIOR

A planta corresponde á tipoloxía de igrexa de peregrinación, de cruz latina, con tres naves, máis ancha a central, mentres que as laterais prológanse dando lugar ao deambulatorio ou xirola, para facilitar o tránsito dos peregrinos e evitar interromper as cerimoniais relixiosas. Na cabeceira, cinco pequenas capelas radiais, absidiolos, onde se podían celebrar actos litúrxicos. Responde á representación do corpo de Cristo crucificado en arquitectura: a ábsida e tramo recto son a cabeza, o transepto os brazos, as naves o resto do corpo e o nártice os pés.

Ten un amplo transepto con tres naves con dous absidiolos en cada brazo, e con amplo cruceiro que tiña cúpula sobre trompas, hoxe moi transformado. Posúen entradas tanto na nave central como nas do transepto (Occidente, Norte e Sur). É un espazo proporcionado no que o módulo é un tramo da nave lateral. A anchura da nave central é dúas veces a lateral e o cruceiro son catro veces.

Os elementos sustentantes son piares cruciformes con columnas encostadas con capitel e cimacio. Os arcos son de medio punto peraltados –arcos cuxa frecha é maior que a semiluz-, repetíndose en menor escala na tribuna. Tamén atopamos arcos de medio punto, así como arcos de faixa, en clara relación coa cubrición da nave central mediante bóveda de medio canón que se prolonga nos dous panos do tramo recto que precede á ábsida. O sistema construtivo é abovedado presentando diferentes tipos de cubertas: bóvedas de canón na parte central, de aresta nas laterais, de forno nas capelas radiais e de cuarto de canón na tribuna. A bóveda de canón da nave central elévase a 22 m case tres veces a anchura da nave lateral. Refórzase con arcos faixóns que cumpren unha función de sustentación, pero tamén evitan a monotonía ao dividir a bóveda en tramos. O arco faixón continúa por medio das columnas encostadas, rematando en piares cruciformes que reciben a carga das bóvedas. Os empuxes son transmitidos ao exterior nos muros reforzados con contrafortes. No cruceiro óptase por unha cúpula sobre trompas que permite o paso do espazo cadrado ao octogonal.

ALZADO

Un primeiro nivel está formado polas arquerías de medio punto peraltados que permiten elevar o edificio (nalgúñas partes obsérvanse arcos con tendencia á ferradura indicando o influxo mozárabe e islámico), e un segundo nivel, a tribuna que se estende por todo o templo, con dobres xanelas xeminadas de medio punto sobre columniñas que dan á nave central. A tribuna, con bóveda de cuarto de canón ten a función de aumentar a capacidade do edificio (albergue de peregrinos) e función de contrarresto xa que traslada a presión lateral da bóveda da nave central cara aos contrafortes exteriores. Críase que era o lugar preferido polo bispo para asistir ao culto desde as súas dependencias sen baixar á igrexa, xa que esta tribuna esténdese pola xirala e comunicaba coas dependencias privadas –pazo episcopal-.

A iluminación é escasa e matiza o espazo. Os focos de luz son: o cimborrio central, cuxo tambor está horadado, e a luz que entra a través da tribuna. Deste xeito, queda máis iluminada a parte alta mentres que o chan queda en penumbra.

O exterior está moi transformado; en lugar das dúas torres na fachada presenta a fachada barroca do Obradoiro, realizada por Casas Novoa (S.XVIII) para protexer o Pórtico da Gloria, que se atopa no nártice do templo, realizado polo Mestre Mateo.

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Ubicada na Praza do Obradoiro, centro neurálxico da cidade, conforma un conxunto arquitectónico escenográfico, co Hostal dos Reis Católicos, o Colexio de San Xerome e o Pazo de Raxoi.

FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

A catedral posúe diversas funcións: de culto ou relixiosa, de albergue, función didáctica nas súas portas. Ten un poderoso simbolismo relixioso que segue un patrón arquitectónico. A planta de cruz latina é un espazo para percorrer ata chegar á tumba do apóstolo, aínda que as numerosas modificacións fixeron que se perdesa o programa iconográfico unitario, debido sobre todo a un incendio que fixo que se perdesa un dos seus pórticos orixinais.

O sepulcro do apóstolo Santiago foi redescuberto cara ao ano 829, de xeito que sobre o mesmo edificouse un primeiro templo (reinado de Afonso II o Casto), de reducidas dimensións. Máis tarde levantáronse alí outras dúas basílicas prerrománicas ás que finalmente acabou substituíndo a catedral. Púxose a primeira pedra en 1075, impulsada polo bispo Diego Peláez e máis tarde o bispo Diego Xelmírez (1100), finalizándose o conxunto en 1188, aínda que ata 1211 non se darían por rematadas todas as obras e se procedería á súa solemne consagración. Naqueles tempos, Santiago era un señorío eclesiástico no que o bispo Diego Xelmírez, auténtico señor feudal, organizará un espazo urbano arredor da catedral, facéndose eco da opulencia da mesma en función da afluencia de peregrinos e a meta do camiño. Santiago obedece a un modelo de cidade propia do momento porque concentra poboación, serve de espazo acolledor dos peregrinos, é un espazo sacro, atópase alí o sepulcro do apóstolo Santiago. O feito de dispoñer da única tumba conservada dun dos doce primeiros discípulos de Xesús (xunto coa de San Pedro en Roma),

converteu a antiga Iria Flavia no centro dun crecente movemento de peregrinacións que pronto acadou a toda a cristiandade europea, da cal Santiago de Compostela acabou converténdose nun dos primeiros centros relixiosos. Xurdíu así o Camiño de Santiago, unha ruta de peregrinación que acababa precisamente aquí o seu percorrido. Os distintos ramais desta vía uníanse tras cruzar os Pirineos, para percorrer a continuación todo o Norte peninsular e concluír en Compostela. Deste xeito, o Camiño facilitou os intercambios culturais entre as distintas zonas do continente e levou máis aló das fronteiras da Península a fama dunha cidade e dunha monarquía (a astur-leonesa) que impulsou a devoción ás reliquias do apóstolo. Sucedía todo iso nunha Europa ruralizada e feudal, pero que lentamente íríase abrindo ao desenvolvemento das cidades, do comercio e das actividades burguesas, sempre baixo a atenta mirada da Igrexa cristiá como controladora única das conciencias.

Na Península no S.XI a crise do Califato e reinos taifas facilita a Reconquista, repoboación e chegada de recursos aos reis cristiáns mediante os tributos ou parias. Precisamente o Camiño de Santiago foi promovido por Afonso VI que patrocina e protexe aos cluniacenses. O Camiño fomenta o comercio e o tránsito de ideas e culturas, a construción de pontes, hospitais, albergues para os peregrinos e por suposto igrexas como Jaca, San Martín de Frómista, Sahagún, San Isidoro de León. Foi un factor de desenvolvemento económico, vehículo de mestura de culturas. España entra en Europa, e fronte ao culto mozárabe imponse o culto romano introducido polos cluniacenses.

MODELOS E INFLUENCIAS

En primeiro lugar destacar que é un edificio particular debido as súas dimensións e proporcións, con case 100 m de lonxitude e unha gran sensación de altura grazas á utilización de arcos peraltados. En segundo lugar, destaca pola súa iluminación, xa que ao ter unha tribuna ampla permite a iluminación da parte alta da nave central que contrasta coa penumbra do chan.

A catedral de Santiago pode entenderse a partir dun conxunto de influencias:

- Recolle solucións prerrománicas: emprego de contrafortes exteriores, tendencia á ferradura de moitos arcos, peralte dos arcos de medio punto, absidiola central cadrada.
- Do Románico español: bóveda de medio canón na nave central e aresta nas laterais (San Isidoro de León).
- Do Románico francés: a xirola, a tribuna, a prolongación das naves no cruceiro.
- Do Islam: arcos polilobulados da Porta de Praterías e da capela maior.

Á súa vez, o conxunto arquitectónico da catedral achegou solucións interesantes entre as que se atopan: as proporcións equilibradas, cunha nave central de 10 m e as laterais de 5 m; a distancia entre o tramo central do cruceiro máis o primeiro tramo da nave central é a mesma ca do transepto; a esbeltez; a funcionalidade en clara relación co fenómeno das peregrinacións; a iluminación do interior.

Inscríbese na tipoloxía francesa de igrexa de peregrinación románica, como Santa Fe de Conques ou San Sernin de Toulouse.

CONCLUSIÓN

A Catedral de Santiago simboliza, en primeiro lugar, a importancia dunha cidade e unha sé arzobispal na que se atopa situado o sepulcro dun dos doce apóstolos de Cristo. Neste sentido, a propia planta da igrexa é a imaxe da cruz de Cristo e, en consencuencia, representación en pedra da idea da crucifixión e morte de Xesús como base para a salvación do mundo. Pero, doutra banda, a construción simboliza á perfección o desenvolvemento do reino astur-leonés nun momento no que o espazo xeográfico peninsular atopábase fragmentado e no que sobresaía o mundo islámico representado por Al-Andalus.